



PONTEVEDRA

REVISTA DE ESTUDIOS

NÚM. 24





Núm. 24

PONTEVEDRA

Revista
de Estudos

ANO 2015

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente:
RAFAEL LOUZÁN ABAL

Dirección
ANA VICENTE RIVAS

Coordinación
IRENE ACUÑA PAZ

© Editorial: Deputación de Pontevedra
© TEXTOS: Os autores
© IMAXES: Os autores

Maqueta, fotomecánica e impresión
Imprenta Deputación Provincial

ISSN: 0211-5530
Depósito legal: PO 344-1989

COMITÉ CIENTÍFICO

ABAL SABARÍS, M.^a JESÚS
Técnico de arquivo e biblioteca

ACUÑA PAZ, IRENE
Tradutora

AGUETE LANDÍN, ELENA
Técnico de arquivo e biblioteca

CASTRO CARPINTERO, JOSÉ LUIS
Conservador de Fondos documentais

DE LA CRUZ CASALDERREY, BEATRIZ
Técnico de cartoteca

MALLO PARCERO, JULIA
Historiadora

PÉREZ-SANTAMARINA FELJOO, LOURDES
Conservadora de Fondos documentais

TRABAZO FREIRE, ERNESTO
Bibliotecario

VALENZUELA SENN, UXÍA
Técnico de arquivo e biblioteca

VICENTE RIVAS, ANA
Filóloga. Técnico de publicacións

SUMARIO

| | <u>PÁX.</u> |
|---|-------------|
| LA JUNTA GENERAL DE COMERCIO Y LA EXPORTACIÓN DE VINOS DO RIBEIRO DE AVIA A INGLATERRA JUAN JUEGA PUIG | 13 |
| RÍAS BAIXAS, A VIDE E O VIÑO MARTÍN CÓDAX: UNHA EXPERIENCIA REAL DE DESENVOLVEMENTO LOCAL FERNANDO CORBELLE CACABELOS | 31 |
| EL CASTRO DE AS CROAS. DE LA INTERVENCIÓN AL OLVIDO VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ BARREIRO | 43 |
| BREVE HISTORIA DE LA ADVOCACIÓN "NUESTRA SEÑORA DEL REFUGIO LA DIVINA PEREGRINA" EN PONTEVEDRA Y DE SU SANTUARIO ROBERTO TABOADA | 51 |
| EL PARQUE BOTÁNICO DEL CASTILLO DE SOUTOMAIOR, PRIMER JARDÍN DE EXCELENCIA DE CAMELIA DE ESPAÑA CARMEN SALINERO, PILAR VELA, MARÍA GONZÁLEZ-GARCÍA, ÁNGELES BARROS | 79 |
| EL PANTEÓN DE LOS VALLADARES EN LA IGLESIA DE SAN BENITO DE PEFIÑANES (CAMBADOS). NUEVA FILIACIÓN ESTILÍSTICA Y CRONOLOGÍA DE LOS YACENTES JULIO I. GONZÁLEZ MONTAÑÉS | 87 |
| EL BAIONÉS MANUEL MISA Y BERTEMATI, FILÁNTROPO Y EMPRESARIO BODEGUERO EN JEREZ, PRIMER CONDE DE BAIONA Y PRIMER MARQUÉS DE MISA SALVADOR FERNÁNDEZ DE LA CIGONA FRAGA | 101 |
| EL HOSPICIO DE PONTEVEDRA, 1853-1903 ANA M. ^a RODRÍGUEZ MARTÍN | 123 |
| INFORME SOBRE O PATRIMONIO CONSTRUÍDO DO CONXUNTO HISTÓRICO DE COMBARRO. DATOS PARA A SÚA CONSIDERACIÓN COMO OBXECTO DE "ESPOLIACIÓN". COMBARRO, XANEIRO DE 1991 Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico-Artístico de Combarro A SOLAINA | 193 |
| ANTROPOLOGÍA DE LOS ANCARES GALLEGOS EN EL SIGLO XX. CREENCIAS DE LA SERRA DE ANCARES Y SU ENTORNO, LUGO, LEÓN Y ASTURIAS EN LA MITAD DEL SIGLO XX JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ VARELA | 237 |
| O PETRÓGLIFO DA CHAN DA GÁNDARA MEMORIA DUN GRAVADO RUPESTRE INDULTADO ALBERTE REBORDA | 247 |
| EL APRENDIZAJE DE LOS OFICIOS ARTESANOS EN PONTEVEDRA (1550-1650) DIANA DÚO RÁMILA | 261 |

INFORME SOBRE O PATRIMONIO CONSTRUÍDO DO CONXUNTO HISTÓRICO DE COMBARRO. DATOS PARA A SÚA CONSIDERACIÓN COMO OBXECTO DE "ESPOLIACIÓN". COMBARRO, XANEIRO DE 1991

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico-Artístico de Combarro A Solaina:

Rafael Vallejo Pousada (dirección e redacción)
Francisco Guerra Penas (planimetría, investigación)
Xosé M. Martínez González (investigación)
Xoan M. Martínez Márquez (investigación)
Antón Briones Prieto (investigación)

*"A memoria, aínda protexida legalmente,
foi tratada irrespectuosamente"*

ISAAC DÍAZ PARDO, Sargadelos, 1981

1. O INFORME: OBXECTO E METODOLOXÍA

1.1. Obxecto

En 1972 Combarro acadaba a condición de "conxunto artístico e pintoresco de interese nacional". Culminábase así un longo proceso, empezado polo menos en 1948. No dito ano, a Comisión Central de Monumentos aprobaba a "ponencia" na que se propoñía "que se declare conxunto de interese pintoresco o pobo de Combarro"¹, situado na marxe dereita da ría de Pontevedra (anexo: mapa 1), xa que "mal aconsellados pruritos de modernización, en recibos e pinturas, ameazan converter (a vila) nun vulgar conglomerado"².

Na documentación relativa á declaración, depositada no Arquivo do Ministerio de Cultura, figura un oficio dirixido desde o Concello de Poio ao director xeral de Belas Artes, de 16 de xuño de 1951, no que se solicita que se resolva favorablemente o expediente "iniciado hai tempo, para declarar Zona Histórica e Artística, o típico pobiño de Combarro"³, á vez que se pedía a delimitación de dita zona.

Non obstante, e aínda cando o director xeral traslada a solicitude á Comisaría Xeral do Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional, requirindo que "ordene

ao Comisario da I Zona dese Servizo envíe os documentos necesarios (memorias, planos e fotografías) para poder incoa-lo expediente", este dorme un longo sono de pedra deica o referido 1972.

O 31 de outubro de dito ano, o subdirector xeral de Belas Artes comunica a Xosé Ortiz, xefe da Sección Primeira de Patrimonio Artístico, que prepare o decreto para a "declaración de conxunto artístico" de Combarro, decreto que foi firmado en Madrid o trinta de novembro daquel ano⁴.

Como se ve, pois, e a tenor da documentación existente no Ministerio de Cultura, prodúcese un longo paréntese de vinte anos, nos que non consta ningunha outra intervención municipal a favor da protección do patrimonio construído combarrés.

Iso non quere dicir, estritamente, que o núcleo monumental de Combarro quedase esquecido. Entre 1952 e 1961, o Ministerio de Educación Nacional, a través da súa sección do Tesouro Artístico, promoveu diversas obras de restauración, que aínda circunscribas á igrexa parroquial e ao seu espazo circundante máis inmediato, por se-lo "lugar de máis frecuente paso no recorrido turístico e belo pintoresquismo"⁵, falan dunha certa preocupación ao longo deses anos referidos.

Pero trátase dunha preocupación que vén sobre todo de fóra, nunca dos axentes políticos e sociais máis

próximos. Unha preocupación exterior que encarnan determinados intelectuais, máis ou menos próximos á cultura oficial do intre, que nos anos corenta e cincuenta –aquí de novo a superposición de datas– reclamaban que este pobo “ideal e romántico” se “declare intanxible (...) impedindo a construción de novos edificios ou as modificacións ao exterior dos actuais, sen que previamente interveña a Comisión provincial de Monumentos”⁶, ou tamén a “lei” que impida que “nos modernicen a Combarro”, converténdoo “nun portíño coma tantos outros”⁷, sen o seu “interese”, sen aquela a súa singularidade que foi apreciada xa desde fins do século pasado. Como afirma Filgueira Valverde, a “finais do século XIX os pintores descubren Combarro: Alfredo Souto e Alcoverro comezan a levar ás súas obras os currunchos máis atraentes”⁸, e o mesmo fan os fotógrafos: “Combarro saía belísimo nunhas fotografías viradas en sepia e montadas en cartonciños con bisel dourado”, a xuízo de Traperro Pardo.

De todo isto despréndese un primeiro dato: o interese por Combarro, e a beleza da súa arquitectura, así como pola súa conservación, proceden de máis alá do pobo e do Concello de Poio, do que forma parte. Daqueles axentes externos, que canalizan a difusa preocupación social pola protección do conxunto e o disfrute da súa especificidade, xorde a norma conservacionista de 1972. A poboación de Combarro permaneceu, así, desde o principio, allea a dita declaración. A sociedade arrogábase, co decreto do 30 de novembro, o dereito á fruición dun espazo urbano exquisito, sen o concurso dos particulares máis inmediatamente implicados: os habitantes da localidade en cuestión.

Con iso non se quere negar, en absoluto, a oportunidade da medida. En 1972 Combarro conservaba aínda practicamente intactas a súa morfoloxía e a súa sintaxe urbanas. No Combarro do setenta e dous é fácil ler o documento herdado, nas súas liñas de pureza tradicional. Agora ben, aquel feito, a declaración sen o concurso dos habitantes, pon de manifesto un elemento de fragilidade, unha fisura que na práctica converteuse na debilidade que explica a progresiva deterioración do pobo a partir dos anos setenta, paradoxalmente cando aquel quedaba suxeito, ao menos legalmente, á “protección do Estado” e a “tutela (...) exercida a través da Dirección Xeral de Belas Artes polo Ministerio de Educación e Ciencia”.

Unha vez producida a declaración, e mentres o conxunto da ría medraba demográfica e urbanisti-

camente a un ritmo vertixinoso, nos anos setenta e oitenta, Combarro resiste o embate dunha destrución masiva. Pero non é alleo ao movemento expansivo do contorno, o cal se deixa notar nos volumes construídos e nos materiais e técnicas construtivas, que se “desnaturalizan”. A súa consideración legal de patrimonio protexido non é óbice para que a degradación faga acto de presenza.

Cando foi máis necesario xestionar a conservación, esta non existiu. Nin a defensa negativa (policía) nin a desexable defensa positiva foron postas en exercicio. Os poderes públicos desentendéronse do conxunto. E iso empezou a ser así a partir do máis próximo. Nunca o Concello de Poio, desde 1972, asignou nos seus presupostos unha partida específica que tivese como fin a protección do Combarro histórico, nin nunca, que saibamos, se ditou norma ningunha sobre a calidade dos materiais a empregar nel, sobre os tratamentos de fachadas e carpinterías, etc. É dicir, non existiu –nin existe– política ningunha con respecto a este conxunto.

É máis, cando a Administración actuou en Combarro o fixo, ás veces, con intervencións desafortunadas, que, lonxe de seren exemplares –como mostraremos máis adiante–, estableceron agravios comparativos. Estes fixeron aínda máis intenso o sentimento de “castigo” que para as súas xentes supón o vivir no recinto histórico-artístico. Un sentimento que non decaeu, en absoluto, nos últimos anos. Na actualidade, aínda cando a Xunta de Galicia ten transferidas as competencias en materia de Patrimonio desde 1983, a situación segue sendo, en grandes liñas, semellante.

No intre en que un grupo de mozos e mozas de Combarro creamos a Asociación A Solaina para a Defensa do Patrimonio Histórico-Artístico (1987), eramos conscientes dos feitos descritos e das dificultades certas para provocar unha inflexión nesa inercia de destrución, que se retorce coma unha pescada que se morde o rabo. Por un lado, os particulares, que viven a declaración como unha pesada lousa, coma un “timo histórico”, e que fan “o que poden” para “mellora-la?” calidade das súas vivendas. Estes interiorizaron a desatención, cun escepticismo de difícil superación. Por outra banda, os poderes públicos, que non esixen –nin se esixen– a cambio de non seren esixidos, patentizándose un a modo de pacto implícito, un consenso, do que ninguén parece querer saír.

Mentres tanto, é un feito evidente que o conxunto se despoboa, se destrúe e se altera, tal e como demostrará o presente informe.

Os membros de A Solaina, como veciños de Combarro que somos, pensabamos desde o primeiro intre que era preciso actuar decididamente. Ilusionar a uns e solicita-la concorrencia dos outros. Por onde comezar? Entendiamos, e seguimos a entender, que só a concorrencia da sociedade e dos poderes públicos, asumindo a parte das obrigas que lle corresponden, coa conseguinte asignación de recursos, pode rachar, coidamos, o círculo vicioso. E isto foi o que viñemos solicitando, sobre todo con propostas razoables, e con denuncias cando o anterior era desoído, nos tres últimos anos.

Pero unhas e outras, polo de agora, non tiveron efectos positivos palpables.

Estamos en Combarro ante un caso de evidente renuncia ás funcións da Administración local e autonómica. Non existe vixilancia nin medidas de “conservación, mantemento e rehabilitación”, nin fomento da protección do patrimonio herdado.

Polo tanto, como persoa xurídica que observa un “perigo de destrución ou deterioración” deste “ben integrante do Patrimonio Histórico Español”⁴⁾, esta Asociación A Solaina atópase na obriga de dirixirse aos poderes públicos de Galicia co fin de presenta-lo presente INFORME sobre a destrución do patrimonio construído de Combarro, informe que nos sitúa ante o que entendemos unha presumible “espoliación”, tendo en conta o establecido no artigo 4 da Lei 16/1985 de 25 de xuño, que considera como tal “toda acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución todos ou algún dos valores dos bens que integran o Patrimonio Histórico Español ou perturbe o cumprimento da súa función social”.

Neste senso, e tendo en conta inicialmente a “competencia exclusiva” que polo Estatuto de Galicia se atribuíu á comunidade autónoma de Galicia (art. 27.18), temos de instar ao Goberno galego (e ás demais institucións competentes no asunto) para que se proceda a “adopción con urxencia das medidas conducentes a evita-la espoliación”, xa que a actual degradación de Combarro require unha actuación decidida, se aínda segue a ter sentido o mantemento deste pobo como ben de interese cultural.

1.2. Metodoloxía do informe

Todo conxunto construído está composto –simplificando– de espazos públicos e privados. A calidade do núcleo urbano correspondente virá dada, polo tanto, pola condición das súas casas (morfoloxía e uso), a conservación das súas prazas e rúas, así como polo estado das súas infraestruturas.

Por iso, para coñece-lo grao de destrución/construción de Combarro, tivemos en conta os seguintes niveis de análise:

- 1) As vivendas: uso e alteracións morfolóxicas.
- 2) Os espazos públicos, as infraestruturas e a calidade medioambiental.

Partiuse, para iso, da delimitación que do conxunto establecen as Normas Subsidiarias do Concello de Poio, de 1985. Nelas sinálase unha área obxecto de “Plan Especial de Protección de Casco Histórico Artístico”¹⁰, na que se inclúen 189 casas¹¹ (anexo: plano 1).

Un segundo paso foi a elaboración dunha ficha de todas e cada unha das vivendas existentes, que tiña como obxecto coñecer o estado de “uso” e o grao de respecto aos materiais, tipoloxías e volumes tradicionais (figura 1).

Figura 1

| INFORME VIVENDAS | | Casa Número: |
|---|--|--------------|
| A) USO | | |
| 1. Habitada | | |
| 2. Deshabilitada: | | |
| | - Habitable | |
| | - Inhabitable | |
| 3. En destrución. | | |
| 4. Ruina | | |
| B) MORFOLOXÍA ARQUITECTONICA E ALTERACIÓNS | | |
| 1. Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | | |
| 2. Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | | |
| 3. Volume Alterado: | | |
| | - Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | |
| | - Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | |
| | - Con Tipoloxía Nova e Materiais Tradicionais | |
| | - Con Tipoloxía Nova e Materiais Novos | |
| 4. En Destrución/Ruína | | |
| C) OBSERVACIÓNS: | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

No que respecta á calidade dos espazos públicos, atendemos ao seu estado actual e ás intervencións que sobre eles se produciron, fundamentalmente desde 1972. Cando contamos con documentación destas actuacións, acudimos a ela para ilustrar aínda máis a descrición que efectuamos.

Tanto para estes como para referirnos á conservación das vivendas e, en xeral, á calidade medioambiental, fixemos uso da fotografía, que permitirá ilustrar a situación actual, e cando sexa factible e didáctico, a comparación coa situación preexistente.

2. AS VIVENDAS DO CONXUNTO HISTÓRICO: USO E ALTERACIÓNS MORFOLÓXICAS

2.1. Metodoloxía para a análise dos usos e as alteracións

Tal e como amosa a ficha da figura 1, polo que se refire ao uso consideramos catro parámetros de análise para a vivenda do conxunto histórico combarrés: 1) habitada, 2) deshabitada (habitabile e inhabitable), 3) en destrución e 4) ruína¹².

Outros tantos parámetros empregamos para referirnos aos materiais e ás tipoloxías e volumes edificados. Así e todo, a casuística nesta ocasión era máis diversa, especialmente no que ao "volume alterado" se refire, xa que poden combinarse aquí a tipoloxía e os materiais empregados nas modificacións. Aforramos a descrición dos parámetros, que aparecen na figura 1.

Desde o punto de vista metodolóxico aparecía así mesmo a cuestión da presentación dos datos. Nós decidímonos pola descrición destes en dous niveis: 1) referidos ao conxunto (anexo: plano 2); e 2) referidos a zonas morfolóxica e urbanisticamente diferenciadas, en total seis (planos 3 a 8). Deste xeito podemos ofrecer unha primeira visión de conxunto, para logo describir a problemática específica de cada unha das partes consideradas, xa que o impacto ou degradación non é uniforme.

2.2. O conxunto histórico: análise global

A) *Uso das vivendas*

A parroquia de Combarro medrou demograficamente desde 1960. A poboación aumentou en 357 efectivos desde esa data deica 1981, o que sobre 1192 habitantes de partida significa un trinta por cento de incremento. Segundo datos do nomenclátor, entre 1960 e 1970, o crecemento do núcleo (lugares de Chousa e Combarro propiamente dito) foi de 132 individuos, superior ao total da parroquia (130 hab.). Este aumento nos lugares referidos estáncase entre o setenta e 1981, aínda que Tarrío e A Costa –lugar hoxe practicamente asimilado ao resto do núcleo– medraron de xeito relativamente notable (34 e 134 habitantes, respectivamente), un crecemento que se nutriu do desprazamento de individuos procedentes do recinto histórico cara ao que de feito se constituíu na área de lóxica expansión urbanística do pobo herdado. Este traslado e o crecemento dos ámbitos referidos agudizáronse na última década, aínda que carecemos dos datos que nos permitan traducilo numericamente.

En calquera caso, o que importa resaltar é este "desembarco" do pobo, que xunguido a algunha ausencia

devida á emigración, dá como resultado que só 124 das 191 vivendas de Combarro (o 65%) se atopan habitadas (cadro 1, gráfico 1).

Nun contexto de mellora xeral das economías (rendas familiares dispoñibles) e das condicións e da calidade de vida (inda que de quebra e mutación da base económica tradicional), o patrimonio construído herdado desprestixiase, deixa de ser funcional, e é abandonado. 41 das súas casas (21,5%) están deshabitadas e delas, 22 (11,5% do total) son inhabitables e, por iso, condenadas á destrución e á ruína. Nese último estado, destrución e ruína, atópanse 26 antigas vivendas (13,3% do total).

| | Número | Porcentaxe |
|--------------------|--------|------------|
| Habitada | 124 | 65.0 |
| Deshabitada: | (41) | (21.5) |
| <i>Habitabile</i> | 19 | 10.0 |
| <i>Inhabitable</i> | 22 | 11.5 |
| En destrución | 10 | 5.2 |
| Ruína | 16 | 8,3 |
| Totais | 191 | 100 |

Fonte: Elaboración propia.

B) *Alteracións morfolóxicas*


O pobo de Combarro non só se deshabita e destrúe. Desde 1972, o conxunto histórico sofre un proceso de mutación interna na súa morfoloxía e na súa sintaxe urbanas.

É posible afirmar que, deica entón, son dominantes as tipoloxías e os materiais tradicionais. Máis dun 85% das vivendas topáranse nesa situación¹³. Pero na actualidade, das 191 casas existentes, tan só 81 (42,4%) conservan a súa pureza tradicional (cadro 2, gráfico 1). Pola contra, 39 (20%), aínda conservando a morfoloxía típica introduciron en maior ou menor grao algún material novo e 45 (23%) viron modificado o volume edificado, un volume que só en 6 casos (3%) respectou en certa maneira as formas e os materiais tradicionais. Atopamos neste extremo das alteracións volumétricas unha variada casuística, aínda que poderían salientarse os seguintes: engadido de novas plantas, modificacións das alturas da vivenda, cambios nas pendentes e faldrons de cubertas, introdución de terrazas, engadido de novos habitáculos para novos usos (garaxes, galpóns, etc.), beirís en balcóns que substitúen ás solucións tradicionais de columnas ou canzorros, e mesmo a substitución total de casas por outras de nova planta sen ningún tipo de consonancia co contorno inmediato, etc.

As 26 restantes son vivendas que se atopan en estado de destrución ou ruína.


Gráfico 1

Gráfico 1.1. Uso actual das vivendas do conxunto histórico de Combarro (Porcentaxes)



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 1.2. Alteracións construtivas nas casas do Conxunto Histórico de Combarro (Porcentaxes)



Fonte: Elaboración propia.

Cadro 2. Alteracións construtivas nas casas do Conxunto Histórico de Combarro.

| | Total | % |
|--|-------|--------|
| Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | 81 | 42,4 |
| Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | 38 | 20,4 |
| Volume Alterado: | (45) | (23,6) |
| Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | 6 | 3,1 |
| Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | 14 | 7,3 |
| Con Tipoloxía Nova e Materiais Tradicionais | 1 | 0,6 |
| Con Tipoloxía Nova e Materiais Novos | 24 | 12,6 |
| En destrución ou Ruína | 26 | 13,6 |
| Totais | 191 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia.

Que quere dicir todo isto? En primeiro lugar, que a declaración de "conxunto de interese" de 1972 polo que se refire á **conservación** (no sentido máis estrito do termo) foi inoperante. A pesar dela, o pobo sufriu unha profunda alteración. Segundo a arquitecta Pascuala Campos, que dirixiu un proxecto de rehabilitación para Combarro en 1983/85, "a condición de monumento histórico-artístico, sen soporte económico, provocou un sentimento de rexeitamento e desgusto nos seus usuarios pois consideran esta situación como imposta e contraria aos seus intereses

dadas as esixencias que leva consigo. Isto explica a súa situación ruínosa, pois os habitantes se senten incapaces de enfrontarse economicamente a unha construción que estiman por riba das súas posibilidades"¹⁴.

Por conseguinte, é un feito comunmente admitido que inda que Combarro fose declarado conxunto histórico en 1972, esta circunstancia "non lle beneficiou en nada", pois "o pobo seguiu un proceso cada vez máis acelerado de destrución"¹⁵.

Así e todo, aquela degradación non só afectou á área delimitada en 1985 como obxecto de Plan Especial de Protección. Existiu unha gangrenización interna, pero tamén unha cancerización dos bordos do núcleo, que aperta ameazante e mantén unha dialéctica de tensión destrutiva con el. De feito, Combarro no intre da súa declaración como ben cultural en 1972, encaixaba perfectamente naquela primeira definición que de conxunto histórico establece o artigo 15.3 da Lei 16/1985, cando afirma que o mesmo "é a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana por ser testemuña dunha cultura ou constituír un valor de uso e desfrute para a colectividade". Non hai máis que ve-las fotografías aéreas que forman parte do expediente da cualificación de "conxunto de interese", onde se delimita "o recinto que debe comprender a declaración e a zona verde de protección"¹⁶.

Non obstante, o núcleo histórico, debido á indefinición tradicional en que se moveu aquela delimitación e ao notable crecemento urbano dos últimos quince anos, tende a quedarse inmerso –ou xa o está– nun contexto sen sentido. O pobo que antes de 1972 era un todo queda reducido a un simple reducto que encaixa agora naquela segunda definición que o citado artigo 15.3 proporciona dos conxuntos históricos, aplicable a "calquera núcleo individualizado de inmobles comprendidos nunha unidade superior de poboación que reúne esas mesmas características e pode ser claramente delimitado."

Como se ve, a circunstancia non é banal. A dinámica da destrución, esquizofrénica, levou a unha perversión total do sentido orixinal de Combarro e do seu diálogo perfecto, consonante, coa natureza. Ese diálogo que levou en 1959 a Traperó Pardo a afirmar que mentres en Santiago estamos ante "unha cidade *en* pedra", Combarro era "un pobo *de* pedra", xa que parecía "unha floración da mesma"¹⁷.

Combarro era, en efecto, unha prolongación da formación granítica que lle servía de asento, da mesma forma que toda manifestación xenuína da arquitectura popular é a expresión do medio natural inmediato, ao que se adapta e do que se nutre, crecendo a carón del dun xeito orgánico. Esa organicidade en Combarro viña definida pola súa condición de pobo agrícola e á vez mariñeiro, sobre todo por esta última. A lóxica construtiva de Combarro foi a da súa sempre presenza do mar. No pobo tradicional, todas e cada unha das edificacións, dispostas en dúas cotas distintas, a modo dunha escala con dous pasos, mostrábanse como unha gran fiestra á ría. Alí se forxaba a actividade económica fundamental (a pesca e o marisqueo), a que ocupaba a un maior número dos combarreses¹⁸, a que tiña pendentes, do regreso dos homes, dos froitos do mar, á meirande parte das súas mulleres.

Esa lóxica construtiva, hoxe, con esa alteración profunda dos últimos dezaoto anos, tamén se rompeu. A elevación dos volumes fixo xurdir paramentos fechados sobre a ría, de xeito que o sentido primeiro desta singular arquitectura do pobo queda reducida ao absurdo, como teremos ocasión de explicar máis adiante.

Por outra banda, a renuncia de funcións e a irresponsabilidade dos poderes públicos, e aquela indefinición dos límites en que se moveu a declaración protectora, permitiron así mesmo unha quebra profunda no artellamento da trama urbana.

Combarro tradicionalmente – polo menos deica os anos setenta do actual século – dispoñíase en dúas áreas claramente definidas: o núcleo fundamental de Combarro (ao que hoxe se reduce o conxunto histórico), e o enclave ou lugar máis reducido de Tarrío (foto 1, figura 2). Ambos os dous lugares engarzábanse harmonicamente a través da recoleta praia de Chousa. Alí xogaban os nenos, alí eran tendidos os aparellos, alí se varaban os barcos e nela tirábase das redes (a antiga “arte”).

Non obstante, ese espazo, a inflexión natural de Chousa, que cambaba ou curvaba o perfil do pobo¹⁹, foi recheada en 1981-82 polo Concello de Poio, dando lugar a un recheo (a

chamada “explanada”) que provocou “unha grave distorsión para a morfoloxía de Combarro (...). Pensado coma un desafogo, en realidade desnaturalizou o conxunto, creando un espazo desértico e desproporcionado en relación a escala do núcleo, e cegando parte dos seus valos limítrofes co mar”²⁰.

Segundo a información “oficiosa” coa que conta a Asociación A Solaina, dita obra pública non contou no seu intre co informe ou/e coa aprobación da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico. O 3 de setembro de 1990 solicitamos, mediante escrito, do Delegado Provincial de Cultura información ao respecto. Hoxe aínda non tivemos resposta.

En definitiva, a alteración profunda interna, a cancerización dos bordos e o desartellamento da súa trama urbana constitúen os principais ingredientes dunha degradación morfolóxica que tivo lugar, paradoxalmente, nos últimos 18 anos e que continúa na actualidade.

Figura 2




Foto 1. O Combarro tradicional artellado pola praia de Chousa. C. 1953

2.3. Análise zonal

| USO | ZONA 1 | | ZONA 2 | | ZONA 3 | | ZONA 4 | | ZONA 5 | | ZONA 6 | |
|---------------|-----------|--------------|-----------|--------------|-----------|--------------|----------|--------------|-----------|--------------|-----------|--------------|
| | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % |
| Habitada | 33 | 59,0 | 15 | 57,7 | 13 | 52,0 | 7 | 77,8 | 26 | 74,3 | 30 | 75,0 |
| Deshabitada: | | | | | | | | | | | | |
| Habitable | 5 | 9,0 | 1 | 3,9 | 6 | 24 | 1 | 11,1 | 6 | 17,1 | - | - |
| Inhabitable | 7 | 12,5 | 4 | 15,4 | 5 | 20 | 1 | 11,1 | - | - | 5 | 12,5 |
| En destrución | 2 | 3,5 | 3 | 11,5 | - | - | - | - | 3 | 8,6 | 2 | 5,0 |
| Ruína | 9 | 16,0 | 3 | 11,5 | 1 | 4,0 | - | - | - | - | 3 | 7,5 |
| TOTAIS | 56 | 100,0 | 26 | 100,0 | 25 | 100,0 | 9 | 100,0 | 35 | 100,0 | 40 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

| ALTERACIÓNS | ZONA 1 | | ZONA 2 | | ZONA 3 | | ZONA 4 | | ZONA 5 | | ZONA 6 | |
|--|-----------|--------------|-----------|--------------|-----------|--------------|----------|--------------|-----------|--------------|-----------|--------------|
| | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % | TOTAL | % |
| Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | 21 | 37,5 | 6 | 23,1 | 18 | 72,0 | 1 | 11,1 | 16 | 45,7 | 19 | 47,5 |
| Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | 8 | 14,2 | 6 | 23,1 | 4 | 16,0 | 1 | 11,1 | 14 | 40,0 | 6 | 15,0 |
| Volume Alterado: | | | | | | | | | | | | |
| Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Tradicionais | 3 | 5,3 | 3 | 11,5 | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Con Tipoloxía Tradicional e Materiais Novos | 6 | 10,8 | 4 | 15,4 | - | - | 1 | 11,1 | - | - | 3 | 7,5 |
| Con Tipoloxía Nova e Materiais Tradicionais | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 2,9 | - | - |
| Con Tipoloxía Nova e Materiais Novos | 7 | 12,5 | 1 | 3,9 | 2 | 8,0 | 6 | 66,7 | 1 | 2,9 | 7 | 17,5 |
| En destrución ou Ruína | 11 | 19,7 | 6 | 23,0 | 1 | 4,0 | - | - | 3 | 8,5 | 5 | 12,5 |
| TOTAIS | 56 | 100,0 | 26 | 100,0 | 25 | 100,0 | 9 | 100,0 | 35 | 100,0 | 40 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

1) Zona 1: A Ghurita - Rúa do Mar - San Roque (A)

Nesta zona (figura 3, gráfico 2) existen 56 edificacións (cadros 3 e 4). Delas tan só 33 (o 59%) están ocupadas. Estamos, polo tanto, ante unha área na que o nivel de habitación está por debaixo da media do conxunto, situado nun 65 por cento (cadro 1).

Onde si excede a media do núcleo é no grao de destrución e ruína, o 19,6%, só superado pola zona 2 (23%). Ese 19,6% da ruína elévase deica o 32 se agregamos as vivendas actualmente inhabitables.

Polo que respecta á súa morfoloxía arquitectónica (cadro 4), tan só 21 casas (37,5%) conservan a tipoloxía e os materiais tradicionais (pedra madeira

e ferro). Fronte a estas, 16 das construcións hoxe habitadas teñen alterado o seu volume –en altura–, na súa meirande parte con tipoloxía e materiais novos (7 vivendas, que representan o 12,5% das 56).

Bañada polo mar e delimitada deste polo valo costeiro que bordea toda a ribeira marítima de Combarro, sufriu no seu contacto coa praia de Chousa o impacto e agresión do citado recheo ou “explanada” alí construído. Este, ademais de desvirtua-la lóxica tradicional do encontro e diálogo coa ría, permitiu xa as primeiras agresións a dito valo, que foi desmantelado en parte durante 1990²¹.

Figura 3. Zona 1: A Ghurita - Rúa do Mar - San Roque




Gráfico 2

Gráfico 2.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 2.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia.

2) Zona 2: A Rúa (Praia)

Estamos na área urbana de Combarro máis degradada, tal e como amosan os cadros 3 e 4.

Dez das 26 casas que a conforman atópanse en situación de inhabilitabilidade e destrución ou ruína, unha destrución/ruína que é a maior, porcentualmente, de todo o pobo. No que se refire aos materiais e tipos urbanísticos tradicionais, tan só 6 vivendas (23%) os conservan na súa integridade.

Con todo, o problema máis grave, polo seu impacto e a súa presumible irreversibilidade, é o da desvirtuación da lóxica construtiva do núcleo urbano, ao que están contribuíndo as alteracións de volumes en altura que aquí se están a producir.

Tal e como pode constatarase na figura 4 e no plano 2, esta zona do pobo aparece articulada por un eixe lonxitudinal coñecido como A Rúa (a "rúa" por excelencia), que contribúe a diferenciar claramente os dous pasos ou niveis de vivendas aos que antes aludiamos como representativos do urbanismo combarrés. Ese a modo de escaleira, como podemos observar na foto 2, permitía a optimización da visualización ao mar.

Agora ben, a alteración das alturas que no nivel inferior se produciu nos últimos anos está cegando a apertura á rúa do nivel superior. E non só iso. Estas modificacións en altura fanse sobre os primitivos muros de cachotería ou perpiaño

empregando ladrillo, superando unha vivenda inferior, sobre a que destaca un paramento fechado (foto 3).

Á perversión anterior únese agora outra, se cabe máis dramática. Se visto desde fóra, desde a praia, Combarro era unha inmensa fiestra aberta á rúa, agora móstrase ao observador coma un núcleo cada vez máis fechado sobre si mesmo, volto de costas ao mar (anexo fotográfico: foto 1). Estamos ante un terrible paradoxo, ante unha perversión absoluta dun dos trazos máis definitorios do urbanismo de Combarro²².




Foto 2. Os dous niveis típicos do Combarro tradicional. C. 1958



Foto 3. Alteracións volumétricas no nivel inferior de "A Rúa". 1990

Figura 4. Zona 2: A Rúa (Praia)




FIGURA 4

Gráfico 3
Gráfico 3.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 3.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia.

3) Zona 3: Padrón - Rualeira - Ruacega - Carretera

Forman parte desta zona 25 casas (cadros 3 e 4). Delas, tan só 13 (52%) están habitadas. Porcentualmente, polo tanto, estamos ante o nivel máis baixo de habitación de todo o pobo. Pola contra, é o que ofrece un maior respecto nos seus edificios ás tipoloxías e materiais tradicionais: 18 das 25 vivendas (72%) atópanse neste caso. Ditas vivendas foron abandonadas recentemente, de aí a elevada porcentaxe de casas baleiras pero habitables (24%) (figura 5 e gráfico 4).

De todo iso despréndese que aínda se está a tempo de recuperar, cunha política de vivenda intelixente, esta área urbana (foto 4).



Foto 4. Vivendas tradicionais na Rúa Cega

Figura 5. Zona 3: Padrón - Rualeira - Ruacega - Carretera




Gráfico 4
Gráfico 4.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 4.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia.

4) Zona 4: A Cruz - Carretera

Con só 9 casas, esta zona sufriu as consecuencias da indefinición na delimitación do recinto histórico (figura 6, gráfico 5). Nela patentízase, de xeito claro, a *cancerización* de parque inmobiliario tradicional, debido á pugna do novo co vello. De aí que só unha das referidas edificacións presente a tipoloxía e os materiais típicos, demostrando deste modo a fragilidade duns bordos tremendamente sensibles e, por iso, profundamente agredidos (foto 5).



Foto 5. *Cancerización dos bordos. 1990*

Figura 6. Zona 4: A Cruz – Carretera




FIGURA 6

Gráfico 5
Gráfico 5.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 5.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia.

5) Zona 5: A Rúa (Nivel superior)

Constitúe, sen lugar a dúbidas, o bloque máis homoxéneo das edificacións de Combarro. E o mellor conservado, polo seu nivel de habitación e polo respecto aos tipos construtivos tradicionais (figura 7, gráfico 6). Efectivamente, das 35 casas aquí localizadas, 26 (74,2%) atópanse habitadas, á vez que 16 conservan a tipoloxía e os materiais típicos, o que significa, en termos porcentuais, un 45,7% do total. Dita porcentaxe elévase ao 85% (30 casas) se consideramos exclusivamente a morfoloxía da edificación e a súa consonancia co tipo tradicional. Iso débese a que 15 vivendas (o 40%), aínda respectando ese tipoloxía, introduciron algún material novo nos últimos anos (cadros 3 e 4).

Ese último feito haino que poñer en relación coa falla de medidas de policía e coa total ausencia de normas, asesoramento e axudas administrativas aos particulares. Se unhas e outras existisen, non nos topáramos, como neste caso, con fermosos exemplos de "casas de corredor", que conservan a fachada en pedra e a carpintería das súas fiestras e portas en madeira, e presentan, ao mesmo tempo, unha balconada en aluminio (ou viceversa) (foto 6). Estamos aquí, claramente, ante a metáfora da protección inexistente, da desidia oficial.

Agora ben, a forza de ser rigorosos, o que ademais si convén resaltar é que a pesar de que nesta área non existiron volumes substancialmente alterados—engadido de plantas— (só constatamos cinco), as obras de maior ou menor envergadura ás que foron sometidas estas casas provocaron a perda da linearidade das cubertas e, como consecuencia, da uniformidade morfolóxica externa con que orixinariamente se resolveran, como demostra a foto de 1958 (foto 7). Hoxe esa homoxe-

neidade de tellados lineais, a tras augas (con "roda"), está, lamentablemente, en boa medida perdida (apéndice fotográfico: foto 1). É outro dos trazos da desvirtuación do patrimonio construído de Combarro. A el hai que engadir, nesta ocasión, a *cancerización* observada nos bordos, en concreto no punto de contacto coa rúa da Cruz, situada na anterior zona descrita.



Foto 7. Linearidade nos azeiros das cubertas. 1929

Foto 6. Cemento e aluminio na "Rúa". 1990




Figura 7. Zona 5: A Rúa (nivel superior)




Gráfico 6
Gráfico 6.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 6.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia.

6) Zona 6: San Roque (B) - Chousa - O Campo - As Veigas

É a área urbana máis complexa, por diversa, de cantas deica aquí vimos considerando. Se ben se articula na súa parte anterior ("levante") arredor do eixe lonxitudinal que percorre Combarro e que a esta altura está formado polas rúas de Chousa e San Roque, o seu interior compartiméntase irregularmente a carón dos "camiños" que integran ao pobo, e ao mar, co espazo antes exclusivamente agrario do poñente²³ (figura 8, gráfico 7).

Como xa apuntamos, Combarro é froito de dous modos de vida, o agrícola e o mariñeiro, que se complementan na súa tradicional economía de subsistencia, unha economía que para optimiza-los recursos naturais dá lugar a un enclave urbano superposto cunha exactitude case que milimétrica a esa orla granítica litoral na que o pobo orixinal se mantivo deica polo menos 1960 (foto 8), practicamente tal e como o veu en 1788 o "licenciado" Manuel Parcerro Vallejo, comisionado polo arcebispo de Santiago para recoñecer e inspeccionar ocularmente a "estreiteza da Capela" de San Roque, situada "case no medio desta Poboación situada sobre pena viva", e "rodeada por todas partes de casas", as que "se atopan sumamente apiñadas por non ter adonde estenderse (...) por estar ocupados con terras labradías" os seus "contornos" do "Poñente"²⁴ (cadro 4).

Pois ben, a pesar desta maior heteroxeneidade da zona 6, optamos por non fragmentala, co fin de non atomizar excesivamente a análise, fragmentación que só un estudo moito máis fino xustificaría.

Feita esta aclaración e tendo en conta os datos do cadro 3, observamos que existe unha elevada porcentaxe de habitación nesta área considerada. Das súas 40 casas, 30 (75%) están ocupadas. Tamén se sitúa por riba da media o grao de respecto ás tipoloxías e materiais tradicionais: 19 casas encóntranse nesta situación (47,5%). Así e todo, non deixan de ser significativas as 10 vivendas das que o volume foi alterado (25%) e as 5 en estado de destrución ou ruína (12,5%).

Esta zona tampouco foi allea á degradación dos bordos, unha vez máis debido á indefinición dos límites do conxunto histórico, en especial no punto de contacto coa antiga praia de Chousa, como a fotografía pon suficientemente de manifesto (foto 9). Os límites das Normas Subsidiarias do Concello de Poio de 1985 ao sinala-lo espazo obxecto de Plan Especial de Protección do casco Histórico" rematan aquí mesmo, deixando fóra as alteracións profundas. Con iso lexitímase esa circunstancia, aceptando explicitamente os feitos consumados, que deron lugar á perversión que o crecemento urbano provocou sobre o pobo herdado, agora cada vez máis reducido a recinto –e mesmo a currunchos típicos–, tal e como puxemos de relevo anteriormente.

Foto 8. Simbiose do agro e do mar. C. 1958




Foto 9. Impacto das novas edificacións sobre a arquitectura popular. 1990




Figura 8. Zona 6: San Roque (B) - Chousa - O Campo - As Veigas




FIGURA 8

Gráfico 7
Gráfico 7.1. Uso actual das vivendas (%)





Gráfico 7.2. Morfoloxía arquitectónica e alteracións construtivas nas casas (%)



Fonte: Elaboración propia

7) *Resumo da análise zonal*

De todo o sinalado deica agora despréndese, sintetizando, que o conxunto histórico de Combarro sofre unha profunda alteración. O que tan só o 42% dos 191 edificios conserven os materiais e a tipoloxía típica ilustra á perfección a devandita afirmación. Con ese único dato bastaría para tomar conciencia da gravidade da situación actual do patrimonio construído deste pobo.

A explicación pormenorizada de dita degradación, á que dedicamos as páxinas anteriores, non fai máis que esmiuzar o feito contundente, a circunstancia sangrante. Non é preciso insistir moito máis. Se cabe, engadir algo con respecto aos materiais novos empregados nas vivendas, aos que deliberadamente non aludimos a fin de non sermos repetitivos.

O 40,9% das casas de Combarro teñen algún tipo de alteración producida polo emprego de materiais de nova factura. Existen paredes resoltas en fábrica de ladrillo cubertas con morteiro de cemento e pintadas ou paramentos revestidos con plaquetas, carpinterías total ou parcialmente de aluminio, baixantes de auga de PVC, potiños acabados con baldosas, persianas de plástico, etc.

A presenza tan elevada destes materiais vén explicada polo menor custo teórico do seu uso, pola súa máis fácil e rápida construción ou instalación, así como polo disvalor e a disfuncionalidade en que cae o tradicional, que naceu, como sabemos, estreitamente vinculado a un determinado modo de vida. Neste senso cabe afirmar que aquela presenza débese ao comportamento dos particulares. E en efecto isto é así. Pero só parcialmente o é.

Esta mutación substantiva, convén non esquecerlo, produciuse no transcurso dos últimos 15-20 anos. Polo tanto só é posible cando os poderes públicos fan renuncia das súas funcións. A non aplicación de medidas conservacionistas –no máis amplo senso do termo– deu lugar a este lamentable estado de cousas. A inexistencia de políticas de fomento da “construción” popular nos dezaioito anos da declaración de conxunto histórico é, desde o noso punto de vista, a causa principal da grave desvirtuación de patrimonio construído combarrés. A total desidia dos poderes públicos é a responsable última de dita degradación. Non de outro xeito se explicaría que así mesmo aquela *cancerización* galopante dos tres últimos quinquenios se faga palpable tamén nos espazos colectivos do Combarro herdado, como amosaremos a continuación.

3. Espazos públicos, infraestruturas e calidade medioambiental

3.1 *Rúas e prazas*

Dise repetidamente que unha imaxe vale máis que mil verbas. O plano 2* deste informe (en anexo), referido á calidade dos espazos públicos de Combarro, confirma tamén, neste caso, plenamente o aserto.

Como se desprende do cadro 5, o conxunto histórico ten unha superficie de rúas e prazas cifrada en 4713 m². Pois ben, tan só 2534 m² (o 53,8%) están pavimentados con “pedra do país” –granito de dúas micas– (xa veremos logo en que condicións), que é a propia do contorno.

Cadro 5. Superficie e calidade dos espazos públicos de Combarro

| Pavimentación | Superficie (m ²) | % Total |
|----------------|------------------------------|---------|
| Cemento | 631 | 13.4 |
| Granito "país" | 2.534 | 53.8 |
| Granito azul | 787 | 16.7 |
| Natural | 761 | 16.1 |
| Total | 4.713 | 100.0 |

Fonte: Elaboración propia

Chama fortemente a atención que 631 m² posúan un firme de cemento e que 787 o teñan de “granito azul”. Este último e o cemento abranguen o 31% do viario combarrés. Pero se o feito é de por si grave, consideramos que o é aínda máis cando un e outro foron posibles coa intervención directa da Administración pública.

Polo que respecta á pavimentación con granito azul cabe dicir que foi debida a actuacións promovidas e financiadas polo Ministerio de Cultura, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Artístico, Arquivos e Museos, entre 1976 e 1979, tal e como pode comprobarse na documentación existente no Arquivo do citado ministerio²⁵.

En canto ao cemento, é de salientar a súa disposición fundamentalmente nos carreiros –antes de terra– que articulaban a zona agrícola das “Veigas” e do “Campo” co núcleo. Pero non só nesos bordos atopamos dito firme. No mesmo corazón de Combarro hai cemento, como sucede na Rúa e no canellón que vai do adro da igrexa parroquial de San Roque ao peirao da Rúa.

Estas cementacións débense unhas veces á iniciativa dos veciños (que loxicamente ante a ausencia doutras solucións recorren a esta máis fácil e menos custosa) e outras á do Concello de Poio. En calquera caso son lexitimadas por este, que parece negarse a entender

que nun conxunto histórico non se pode "obrar" de calquera forma. A súa última intervención, en cemento, por exemplo, foi realizada este verán nun tramo da rúa de Chousa²⁶. Ese mesmo desinterese público é o que fai que aínda hoxe 761 m² do espazo colectivo combarrés (o 16,1%) presenten unha pavimentación espontánea ou minimamente tratada pola man do home, onde se mesturan a floración granítica natural, a terra e os cachotes asentados de distintos tamaños.

Combarro, non hai que esquecerlo, pese a súa certa configuración urbana, tivo tradicionalmente as características morfolóxicas dunha "aldea", xa que "consta do seu medio urbano propio, formado por un conxunto de casas e edificios, hórreos, cruceiros, fontes, lavadoiros, (...), etc., e dunha área rústica de cultivos (...), vertebrada por un conxunto de camiños e corredoiras que a definen respecto das demais aldeas próximas"²⁷. Como consecuencia, á beira de treitos empedrados, en consonancia coas súas "referencias da linguaxe urbana", sempre máis visible no que tradicionalmente se chamou A Rúa (a "rúa" por excelencia), existiron sobre todo estes pavimentos nos que a intervención humana foi mínima. O rechamante, en calquera caso, é que en dezaioito anos de declaración de conxunto histórico non houbera unha mínima partida económica para mellorar a calidade do viario preexistente, que hoxe ademais se enche de chamonadas de cemento para sortear as fochas.

Pero as irregularidades no firme non só existen nos ámbitos citados. A mencionada Rúa, aínda empedrada, ten un firme tremendamente deteriorado, en parte debido ao tránsito de vehículos –tránsito que nun futuro haberá que regulamentar–, e en parte debido ao elevado número de anos transcorridos desde a anterior intervención.

Esta rúa estaba proxectada para ser restaurada pola Escola Obradoiro para a Restauración de Combarro en 1990 (apéndice documental 2), pero o emprego desta, durante os tres anos do seu funcionamento en obras doutros lugares do concello, non previstos no Plan de restauracións de dita escola, que foi creada única e exclusivamente para Combarro²⁸, fixeron imposible que dita pavimentación fose executada²⁹.

O que si executou a Escola Obradoiro entre 1988 e 1990 foi a pavimentación da rúa da Cruz, a praza da fonte da Rúa e a antigamente coñecida como a rúa da Fonte. En total 777 m². Agora ben, a calidade da Restauración é máis que dubidosa, entendendo por tal calidade o respecto ao documento herdado en que consiste todo patrimonio construído con valores

de interese cultural. A restauración de calquera testemuño histórico (manuscritos, pinturas, etc.) require un grao elevado de cualificación, que pasa polo estudo e comprensión dos seus significantes e significados, e o posterior emprego das técnicas conservacionistas convenientes. O mesmo acontece cos patrimonios construídos, concibidos xa como documento desde a segunda metade do século XIX por algúns teóricos italianos. A arquitectura e o urbanismo, coma realizacións materiais que son, constitúen unha gramática que cómpre entender para actuar logo de acordo aos seus contidos profundos –e visibles–, así como para que, con axeitadas lecturas diacrónicas e integradoras do aquí e do agora co patrimonio herdado, non caer tampouco en historicismos arcaizantes³⁰.

Calquera que se aproxime a Combarro e olle estas obras da Escola Obradoiro para a Restauración de Combarro poderá decatarse do que queremos dicir (fotos 10 e 11). Basta citar o tipo de perpiaños, pouco respectuosos cos preexistentes, e as máis de 25 tapas metálicas que foron instaladas nos 400 m² da rúa da Cruz, onde non se fixeron, pola outra banda, colectores para as augas pluviais.

Polo tanto, é difícil entender como os organismos competentes na vixilancia destes extremos, en concreto a Delegación de Cultura e a Comisión Provincial do Patrimonio, permiten ese estado de cousas, en verdade preocupante. Porque a cuestión nun conxunto histórico non é só face-las restauracións necesarias (a eficacia), senón que hai que face-las ben (con eficiencia)³¹.

Outro tanto podemos dicir das pavimentacións efectuadas entre 1986 e 1988 no adro da igrexa de San Roque e no peirao da Rúa (598 m²), baixo a mesma dirección, froito tamén dun acordo do INEM co Concello de Poio.

En definitiva, o pavimentado en pedra do país, cuantitativamente dominante –aínda que non exclusivo–, deixa moito que desexar desde o punto de vista cualitativo.

| Pavimentación | Superficie (m ²) | % Total |
|---------------------------------|------------------------------|---------|
| Preexistente | 858 | 33,9 |
| Actuación MOPU (1983-85) | 301 | 11,9 |
| Actuación Escola Canteiros: | | |
| INEM/Concello de Poio (1986-88) | 598 | 23,5 |
| INEM/Concello de Poio (1988-90) | 777 | 30,7 |
| Total | 2.534 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia.

A excepción vén dada neste caso pola situación da praza da Rualeira (216 m²), así como polos lousados efectuados baixo a dirección de Pascuala Campos Michelena, quen levou a cabo o mellor estudo arquitectónico sobre este conxunto histórico e promoveu a actuación máis honesta e coherente con el³². Dentro dos límites que o Concello de Poio considerou en 1985 para este conxunto, ese empedrado da citada arquitecta acadou os 301 m², superficie que chega en realidade aos 1502 m², xa que dita profesional fai unha lectura do núcleo histórico máis ampla –e correcta– que a reflectida nos estreitos límites das referidas normas subsidiarias do oitenta e cinco³³ (anexo: plano 3). Deste xeito, incluíu un camiño na praia do Padrón, de acceso tradicional desde Combarro ás terras agrícolas das aforas³⁴, así como un lousado parcial do recheo ou “explanada” de Chousa.

Segundo Pascuala Campos, a magnitude daquel recheo deu como resultado “un enorme descampado no que se ten unha desagradable sensación de baleiro agorafóbico”. Esta circunstancia fixo necesario “controlar ese espazo e logra-la súa definición”. Para iso volveuse propoñer “o antigo paso cuberto por un emparrado que rodeaba a praia e que comunicaba (o lugar de) Tarrío co núcleo, transformándoo nun camiño empedrado baixo dúas fileiras de árbores. Estas árbores continúan cara o mar formando un triángulo que fai de separación entre a baixada cara ao muelle, desde a carretera Pontevedra-O Grove, e o propio Recheo. A curva definida deste xeito pola arboreda queda refrendada pola masa verde dos montes, baixo cuio pé se atopa Combarro. A presenza de árbores tamén resposta á necesidade de tamiza-las edificacións que rodean o Recheo, de construción atípica e irregular. Un triángulo de lousas de pedra sitúase á beira da rambla de baixada cara o mar, nun desexo de continuidade visual coa propia ría. No resto do pavimento apisonarásese unha capa de cunchas de berbericho para evita-lo po e a lama”³⁵.

A obra foi executada tal e como se describe na proposta arriba referida. Pero hoxe xa non existen as árbores e o po e a lama son as notas dominantes, nunha área en teoría de encontro que na práctica funciona como campo de fútbol, zona de baile e sobre todo como “aparcamento indiscriminado” de coches.

Estamos polo tanto ante o espazo máis conflictivo de Combarro, creado en 1980-81 sen autorización dos organismos responsables do Patrimonio –segundo todos os indicios fan apuntar– e que conta con 5800 m², mil máis que o resto dos espazos públicos do conxunto

histórico delimitado, o que provoca unha terrible distorsión, un “machadazo” a este conxunto, que nunca se debeu ter permitido.

Pero non só iso. Presentado no seu día polo equipo municipal de goberno coma unha área de ocio (a “alameda” de Combarro, dicíase), nunca o Concello de Poio investiu unha soa peseta no acondicionamento desta, a pesar das reiteradas promesas que unha e outra vez acoden cando as eleccións. É evidente que, dado o primeiro paso polo MOPU en 1983/84, era relativamente fácil continua-la actuación. Pero en Poio, e cómpre dicilo coa crueza dos feitos, non entenden de asignación de recursos para Combarro, a pesar de que a urbanización desta obra lle foi reiteradamente solicitada³⁶.

Tampouco quixo entender nada deste tema o anterior conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, a quen lle entregamos o 19 de xaneiro de 1989 un informe/solicitud no que demandabamos o financiamento desta obra por parte do Goberno autonómico³⁷ (apéndice documental 6).

Como consecuencia, estamos ante unha das alteracións máis graves da morfoloxía urbana do conxunto histórico de Combarro, ata o punto de que desvirtuou profundamente a súa lóxica construtiva, e polo tanto diante dun dos retos máis salientables de calquera actuación urbanística futura no conxunto. Nela han de terse en conta as expectativas sociais con respecto a ese espazo. Pero nesa potencial intervención han de ser tamén consideradas as posibilidades de expansión de Combarro e de instalación desa área de ocio, no contexto do que podería ser un paseo marítimo entre o molle de Chousa e o da Canteira, iniciativa esta que contaría cunha entusiasta acollida popular e cunha incidencia sen dúbida importante na economía de Combarro, ao abrir as posibilidades de uso do último dos molles á elevada flota de Combarro (sobre todo mexilloeira), para a que o Peirao de Chousa quedou hai xa algúns anos pequeno e sen posibilidades de ser ampliado, dadas as condicións do fondo mariño no que tería que realizarse.

Ese paseo marítimo solucionaríase así mesmo os problemas de estacionamento que se producen sobre todo no verán, como consecuencia do elevado número de visitantes que diariamente acoden a Combarro, á vez que facilitaría o acceso á única praia de baño existente no pobo: a da Canteira.

Desde ese punto de vista e presumindo unha execución desa actuación, non estaría fóra de lugar formular, como hipótese de traballo, o desmantelamento do mencionado recheo de Chousa, recuperando a antiga praia,

loxicamente mellorada cun axeitado tratamento urbano, que dialogase, como o facía aquela, co Combarro histórico.

3.2. Infraestruturas e calidade medioambiental

3.2.1. Rede de sumidoiros

Ademais da degradación e da alteración dos espazos públicos referidas, en canto ás infraestruturas, a rede de sumidoiros representa en Combarro un dos maiores problemas.

En 1985 Pascuala Campos dicía que os “tramos existentes son insuficientes para atender as necesidades do pobo: O tramo de sumidoiros que percorre a rúa principal só serve ás vivendas situadas na parte norte, xa que as situadas na fachada sur teñen os seus servizos a cotas inferiores á da rede de saneamento. As vivendas situadas ante a Igrexa e a Casa de Cultura realizaron os sumidoiros pola súa conta.

Algunhas vivendas que dan ao Recheo conectaron as súas saídas coa depuradora (fosa de decantación), alí colocada, por iniciativa particular.

Desde a outra beira da estrada baixan fecais, conectadas a desaugadoiro de pluviais, que desembocan por un regato, na Praia do Padrón. A pesar de todo, os seus habitantes, sobre todo nenos, séguense a bañar na praia, polo que é urxente o arranxo definitivo do saneamento.

Algunhas vivendas desaugan directamente no mar. Outras resólvenlo con pozos negros. As dúas ‘depuradoras’, unha en cada molle, funcionan por decantación, vertendo ao pé do peirao por carecer do emisario, no seu día previsto.

Ante esta situación é evidente a necesidade dun saneamento integral do pobo³⁸.

Na actualidade, seis anos despois, a situación segue a ser semellante. Os vertidos do regato que desemboca na praia do Padrón parece ser que se resolveron e Pascuala Campos acometeu no seu traballo para o MOPU “a solución parcial de levar ao molle vello parte dos vertidos” da praia do Padrón e da Rúa, trasladándoos pola “liña da costa” e “mediante unha conducción xeral, a unha cámara de bombeo enterrada á beira do molle” para posterior elevación “á fosa depuradora”³⁹. A esta conducción verterían as vivendas das zonas que neste informe numeramos como 2 e 3. Pero a inexistencia de medidas de mantemento da “cámara de bombeo” por parte do Concello de Poio deu lugar a que esta se estragase, quedando fóra de uso. Polo tanto, estas vivendas seguen a ter problemas, agora de desbordamentos por obstrucións, e os seus

vertidos de orixe humana emítense directamente, sen pasar nin sequera pola fosa de decantación existente no peirao da Rúa.

Igualmente, tanto desde esta fosa como da que está emprazada en Chousa, as augas residuais saen inmediatamente, sen seren conducidas mediante algún tipo de emisario, emisario que si estivo previsto no seu día. A consecuencia desa circunstancia son os perigos para a saúde, sobre todo dos rapaces que no verán se bañan nos peiraos, e os malos cheiros, que todos os veciños teñen que soportar⁴⁰, fundamentalmente nas horas de marea baixa.

3.2.2. Calidade medioambiental

Todo o deica agora descrito deixa translucir a imaxe dunha calidade medioambiental en verdade deficiente no conxunto histórico de Combarro. Así e todo, aos datos xa apuntados hai que engadir a sucidade (o lixo) e a deterioración visual que producen a maraña caótica de cables eléctricos e telefónicos. Na Oficina de Turismo que inauguramos hai tres anos en Combarro, escoitase todos os veráns unha expresión constante na boca dos visitantes: “que pobo máis fermoso teñen vostedes, pero está tan sucio...”.

Esta sucidade de Combarro denunciada non é o produto dunha exquisita esixencia por parte destes turistas, non é unha ilusión. Trátase simplemente dun feito palpable, ao que tampouco se lle pon remedio.

Topámonos aquí de novo coa pescada que se morde o rabo. Por que está sucio este conxunto? É evidente que hai unha responsabilidade veciñal. É dicir, hai alguén que mancha. Pero tampouco existen os medios que o eviten nin previndo a sucidade nin solucionándoa a posteriori. Se hai lixo en Combarro é porque o Concello de Poio non arbitra os mecanismos para evitalo.

En 1989 e 1990 a Asociación A Solaina solicitou reiteradamente a intervención dese organismo público para buscar solucións ao problema, a través dunha serie de medidas a curto e medio prazo (apéndice documental 7). Pero nin as unhas nin as outras se deron. Deste xeito o problema segue en pé, “porque –tal e como se manifestaba nun dos escritos referidos– esta e anteriores Corporacións municipais, non quixeron toma-las medidas que o solucionen”⁴¹.

Tamén segue en pé a “contaminación” visual provocada polas antenas e pola multitude de cables que percorren o conxunto histórico, como se fosen unha tea de araña que invade o ar deste e se pega a moitos das vivendas (fotos 12 e 13).

Xa o 8 de outubro de 1988 a Asociación A Solaina solicitou do Concello de Poio un "plan que solucionase esta deficiencia, a materializar" no que entendía un "prazo razoable de dous anos", plan consistente en: "a) ocultación inmediata de ditos cables naqueles tramos que a corto prazo van ser empedrados pola Escola Obradoiro de Combarro; b) negociación entre ese

Concello e as empresas afectadas (Unión-Fenosa e Telefónica) para que no citado prazo sexan sacados das fachadas todos aqueles cables que empobrecen a calidade ambiental do conxunto".

Na actualidade, máis de dous anos despois, a situación segue a ser a mesma que en outubro de 1988.




Foto 10. Rúa da Fonte antes da súa restauración pola Escola Obradoiro de Combarro. 1989



Foto 11. Rúa da Fonte restaurada. 1990



Foto 12. Anárquico tendido de cables nas rías cegas de Combarro




Foto 13. Degradación medioambiental

4. Conclusións

Estamos en Combarro, segundo se pode concluír de todo o exposto no presente informe, ante un caso evidente de irresponsabilidade dos poderes públicos, definida pola non asunción das obrigas que se derivan da existencia dun ben de interese cultural no ámbito das súas competencias de goberno. Por dicilo claramente: o conxunto histórico de Combarro, tutelado legalmente como consecuencia da súa declaración de "conxunto artístico" en 1972, careceu e segue a carecer na práctica dunha efectiva protección.

O preámbulo da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español sinala que "a defensa do Patrimonio Histórico dun pobo non debe realizarse exclusivamente a través de normas que prohiban determinadas accións ou limiten certos usos, senón a partir de disposicións que estimulen a súa conservación e, en consecuencia, permitan o seu disfrute e faciliten o seu acrecentamento". É máis –segue a dicir–, "unha política adecuada para xestionar con eficacia" dito patrimonio será aquela "que complete a acción vixilante co estímulo educativo, técnico e financeiro, no convencemento de que o Patrimonio Histórico acrecéntase e deféndese canto máis o estiman as persoas que conviven con el, pero tamén cantas máis axudas se establezan para atendelo, coas lóxicas contraprestacións cara a sociedade cando son os poderes públicos os que facilitan aquelas".

Tal e como se pode constatar, a realidade en Combarro está a anos luz do que é esta filosofía conservacionista da Lei de 1985 (de principios sen dúbida avanzados, como corresponde a un estado social e democrático de dereito coma o noso)⁴². Aínda máis, aquela realidade é a mesma negación de ditos principios. Por unha sinxela razón: *non existe política ningunha con respecto ao Conxunto Histórico de Combarro*.

Partindo dese feito, empézase a entender a profunda transformación destrutiva que sufriu o seu patrimonio construído, curiosamente nos derradeiros quince anos, cando o pobo estaba suxeito á defensa legal.

O Concello de Poio desenténdese claramente do conxunto histórico de Combarro. En todo caso, emprégao como pretexto para conseguir recursos para o Concello, que logo non son aplicados na conservación do patrimonio herdado de Combarro, como quedou demostrado nas páxinas anteriores. A clase política de Poio négase, neste asunto, a estar á altura das circunstancias e das obrigas legais que se derivan da Constitución, do Estatuto, da Lei do patrimonio (art. 7 e outros) e da Lei de bases do réxime local (art. 25.2.e).

Outro tanto sucede coa Delegación de Cultura de Pontevedra e coa Comisión Provincial de Patrimonio. Desta última entendemos que posúe un carácter honorífico e que participa hoxe por hoxe da tara histórica que no estado español significa o carecer dunha "policía" que vele pola preservación dos valores culturais do noso ser colectivo. Pero nas súas actuacións hai silencios inintelixibles –que por iso mesmo semellan silencios cómplices– ou demasiado burocratismo estéril. Non basta, e falamos do caso de Combarro, con comunicarlle ao Concello que está prohibido, por exemplo, botar cemento nunha rúa. Hai que levar deica as últimas consecuencias esa denuncia. E solucionar o atentado. As omisións, dezaioito anos de omisións dos responsables nos órganos provinciais, propiciaron en Combarro os 787 m² de "granito azul", os 5800 m² dunha monstruosa "explanada" (froito de actuacións institucionais ámbolos dous casos), as alteracións volumétricas, as *cancerizacións* morfolóxicas, etc.

Uns e os outros sumiron aos habitantes de Combarro no sentimento da frustración, do "timo histórico", do todo vale e do "eu non vou ser menos". Porque tampouco existiron medidas de restauración, rehabilitación e fomento (fiscais ou financeiras)⁴³, e as poucas, escasas, que existiron foron na súa meirande parte desafortunadas. Nunca axudas personalizadas. Sempre longos trámites. Ao final, subvencións inexistentes.

Dixérono en 1975 os arquitectos Efrén e José Luis García Fernández, dun xeito tremendamente lúcido: "Manter Combarro na súa integridade debe supoñer un grande sacrificio para os seus modestos habitantes, cando o resto das xeografías se renova ou se derruba, case sempre, por razóns puramente económicas. O que fai falla, para que todos continuemos podendo gozar dos resultados daquel sacrificio, é que arrimemos o lombo, e que este arrimar se traduza nunha axuda da Administración, que si limita e prohibe certas actuacións inconvenientes, tamén debe empeñarse en que melloren as condicións de vida destas xentes, promovendo actividades convenientes e mellorando, entre outros, o baixo nivel de habitabilidade das vivendas, que non é difícil e que non ten que supoñer alteracións graves. *É cuestión de dedicación e diñeiro*"⁴⁴.

A afirmación segue a ter aínda hoxe, dezaseis anos despois, tremenda vixencia, porque nada do alí sinxelamente apuntado se fixo. Tampouco desde o Goberno galego, que ten competencias na materia desde 1983. É certo que a Dirección Xeral do Patrimonio non se creou ata a segunda metade dese ano, e aínda entón precariamente. Éo tamén que este noso país sufriu unha

anormal transición política á democracia, cunha tortuosa, feble e conflitiva configuración dos órganos de autogoberno autonómicos, con todo o que iso supón para a creación dunha Administración sólida e eficaz⁴⁵.

Pero se o marco social e político explica en última instancia, non xustifica a renuncia de funcións. Porque diñeiro houbo. E haino. Simplemente cómpre a súa asignación. A vontade política.

A Asociación A Solaina entende que neste tema de Combarro chegou o intre de dicir basta. A situación actual é insostible. Este conxunto histórico está sendo obxecto de "espoliación", segundo se desprenden dos datos obxectivos da súa realidade, aos que este INFORME procurou en todo momento ser fiel, empregando unha metodoloxía coidada e rigorosa, así como un manexo de fontes todo o exhaustivo que aconsellaban os modestos límites dun traballo coma este.

Como consecuencia desa situación de presumible "espoliación" é precisa una actuación urxente. De aí que entendamos que o Goberno e as institucións autonómicas deben intervir poñendo fin a este lamentable estado de cousas, promovendo un conxunto de accións positivas que se traduzan nunha inflexión no proceso de degradación do patrimonio construído de Combarro. É dicir, trátase de poñer en marcha o desenvolvemento dunha política de feitos reais, un programa de prioridades prácticas que faga posible recupera-lo Combarro herdado.


Na actualidade xa está redactado o Plan Especial de Protección deste conxunto histórico, do que foi aprobado o avance o pasado 1990⁴⁶. Só quedan as fases de exposición ao público e de aprobación definitiva.


Polo tanto, á marxe das modificacións que poida aínda sufrir e das consideracións que merezan as súas propostas, é evidente que xa existe un documento legal e técnico, que, ademais da análise e diagnóstico correspondentes, establece un programa de actuacións que pode servir de instrumento de traballo desde un primeiro momento.

Estase, pois, en condicións de formular seriamente a restauración de Combarro, reconstruíndo os espazos primitivos, así como a súa rehabilitación, xa que non só se trata de restituír aqueles, senón de conferirlles uns novos contidos, xerando unha nova "organicidade", que permita un uso diacrónico e sincrónico do espazo restituído.


Estase, en definitiva, en situación de avogar por unha recuperación daquela coherencia do pobo tradicional, como caligrafía urbana, expresión dunhas funcións propias dunha determinada economía e duns específicos modos de vida xa desaparecidos en boa medida, procurando un novo equilibrio entre a sintaxe herdada e as novas modas e modos, para o que se fai preciso o diálogo cos habitantes, a sintonización coas súas aspiracións lexítimas de mellorar as súas condicións de vida. Trátase, pois, de embarcarse nun proxecto ilusionador, que só será viable na medida en que se asignen recursos, e en que os poderes públicos galegos—máis alá da incapaz esfera municipal—asuman unha preocupación activa, ou, o que é o mesmo, esa outra cara da fruición por parte da sociedade dun espazo singular como Combarro, que non é outra que a dos deberes do conxunto social para con respecto aos titulares físicos do ben de interese cultural constituído polo patrimonio inmobiliario dos veciños de Combarro.


Anexo: planos






PAVIMENTOS. TIPOS 2







Apéndice fotográfico

(5 paneis de fotografías da época. 5 páxinas)




Foto 1. Fachada costeira do pobo. A gran cantidade de intervencións mal concibida é alarmante




Foto 2. Praia de Chousa antes de producirse o recheo



Foto 3. Estado actual da "explanada" de Chousa




Foto 4. Tipoloxías totalmente alleas agreden ás construcións populares





Fotos 5 e 6. O mar dialogaba coas construcións inmediatas




Foto 7. Os barcos trocáronse por automóviles e camiões








Foto 8. Cancerización dos bordos




Fotos 9, 10 e 11. Aparecen novos volumes, formas e solucións construtivas



*Foto 12. O pobo tamén
por falla de medios*



*meicado de ruínas, moitas veces
os edificios dos seus donos*



*Foto 13. A arquitectura segue a ser popular pero empréganse
novos criterios e materiais*




Foto 14. Pavimentación natural onde aflora a rocha viva erosionada polo tránsito das rúas





Foto 15. Pavimento a base de granitál, m



Foto 17. As fousas de granitál constitúen o pavimento tratál

Foto 18. 1% e
viapase



Uso do material alleo á xeoloxía local



Foto 16. Pavimento restaurado: excesivamente liso, demasiadas tapas e rexistros, deficiente recollida de pluviais

Uso de materiais locais



Uso da superficie local base con cemento



Foto 19. As obras incontroladas proliferam no conjunto




Foto 20. O alumínio desloza a madeira





Foto 22. Paredes de pedra revestidas



leño ferro




Foto 21. Combinación pedra-ladrillo

tes de azulejos



Foto 23. Baixantes de PVC

BIBLIOGRAFÍA

- Campos Michelena, Pascuala, "Prediseño y propuestas formales en el núcleo de Combarro", en *Cuadernos. Bordes Urbanos*, Madrid, Dirección General de Arquitectura (MOPU), 1985.
- Fernández Alba, Antonio, "Intervenciones puntuales sobre el patrimonio histórico", en *III Jornadas de Estudio sobre la provincia de Madrid. El patrimonio arquitectónico y urbanístico*, Madrid, Diputación Provincial, 1980.
- Filgueira Valverde, Xosé, "Combarro", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VII, 1974, pp. 11-13.
- Flores, Carlos, *Arquitectura popular española, Tomo II (País Vasco, Cantabria, Asturias y Galicia)*, Madrid, Aguilar, 1973.
- García Fernández, Efrén e José Luis, *España dibujada. Tomo I. Asturias y Galicia*, Madrid, Ministerio de la Vivienda Servicio Central de Publicaciones, 1972.
- García-Escudero, Piedad e Benigno Pendas García, *El Nuevo Régimen Jurídico del Patrimonio Histórico Español. I. El Derecho del Patrimonio Histórico: Teoría General*, Madrid, Ministerio de Cultura.
- Hermo Túñez, Xosé, "Sobre o desenrolo dos valores culturais das vilas galegas", en *Obradoiro. Actas das I Xornadas de Arquitectura Galega*, 1, novembro de 1978.
- Merino, María del Mar, "Plan Especial de rehabilitación para Combarro. El regreso de la piedra", en *Revista MOPU*, xaneiro 1986, pp. 6-12.
- Novás, Juan, "Combarro. Viejo asilo de pescadores de la Ría", en *Sonata Gallega*, 5ª. publicación, 1944-45.
- Rodríguez, Eladio, *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, t. 1, Vigo, Galaxia.
- Sánchez Cantón, Francisco Javier, "Zona Monumental de Pontevedra", en *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, Pontevedra, Museo Provincial, 1973, pp. 81-86.
- Tamames, Ramón, *Diccionario de Economía*, Madrid, Alianza, 1988.
- Trapero Pardo, José, "Combarro: cantiga gallega de piedra", en *Vida Gallega*, 75, 1959, pp. 13-15.
- Vallejo Pousada, Rafael, *Guía Combarro Conxunto Histórico-Artístico*, Combarro, Asociación A Solaina, 1988.

LEXISLACIÓN

- *Decreto 3394/1972, de 30 de novembro, BOE*, 299, 14-12-72, pp. 22306-22307.
- *Lei 16/1985 de 25 de xuño sobre o Patrimonio Histórico Español.*

FONTES ARQUIVÍSTICAS

- *Arquivo do Ministerio de Cultura (AMC): C/ 88622, C/70934, C/87668, C/ 77979, C/ 70790, C/ 77050, C/ 86885, C/ 86886 e C/ 79241.*
- *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHP), Leg. 64.*
- *Arquivo Histórico Nacional, Clero, Libro 10.315.*

- ¹ Francisco Javier SÁNCHEZ CANTÓN, "Zona Monumental de Pontevedra", en *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, Pontevedra, Museo Provincial, 1973, p. 86.
- ² *Op. cit.*, p. 85.
- ³ *Arquivo do Ministerio de Cultura (AMC)*, C/ 88622.
- ⁴ *Decreto 3394/1972, de 30 de novembro, BOE*, 299, 14-12-72, pp. 22306-22307.
- ⁵ *AMC*, C/70934.
- ⁶ Juan NOVAS, "Combarro. 'Viejo asilo de pescadores de la Ría'", en *Sonata Gallega*, 5ª. publicación, 1944-45.
- ⁷ José TRAPERO PARDO, "Combarro: cantiga gallega de pedra", en *Vida Gallega*, 75, 1959, pp. 13-15.
- ⁸ Xosé FILGUEIRA VALVERDE, "Combarro", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 7, p. 13.
- ⁹ Art. 2 da *Lei 16/1985 de 25 de xuño sobre o Patrimonio Histórico Español*.
- ¹⁰ Actualmente xa redactado e aprobado o seu avance, pero aínda pendente de ser exposto ao público.
- ¹¹ Nos outros, neste informe, consideramos 191, debido á lóxica física do estudo zonal que realizamos. Hai que facer notar, en calquera caso, a imprecisión daqueles límites no plano das mesmas Normas Subsidiarias ao que tivemos acceso no Concello de Poio, imprecisión que podería facer variar algo o número de vivendas a considerar. Esa imprecisión dos límites é unha constante con respecto ao conxunto histórico, nada irrelevante, como veremos máis adiante.
- ¹² Diferenciamos a vivenda en destrución da ruína pola conservación, ou non, de toda ou parte da cuberta.
- ¹³ Lamentablemente non existen estudos que permitan a que sería unha precisa e ilustrativa comparación. Contamos, iso si, coa propia memoria e cos testemuños escritos dalgún estudioso da arquitectura tradicional. Así C. Flores na súa obra *Arquitectura popular española* dicía en 1973 que Combarro, aínda con transformacións, era "sen dúbida un dos pobos máis belos da Galicia atlántica, preservado de destrucións masivas por unha especie de milagre difícil de comprender".
- ¹⁴ Pascuala CAMPOS MICHELENA, "Prediseño y propuestas formales en el núcleo de Combarro", en *Cuadernos. Bordes Urbanos*, Madrid, Dirección General de Arquitectura (MOPU), 1985, p. 86.
- ¹⁵ María del Mar MERINO, "Plan Especial de rehabilitación para Combarro. El regreso de la piedra", en *Revista MOPU*, xaneiro 1986, p. 9.
- ¹⁶ *AMC*, C/87668.
- ¹⁷ José TRAPERO, *Op. Cit.*, p. 15. Esa consonancia de arquitectura e natureza e posta de manifesto tamén por García Fernández cando afirma que "en realidade, Combarro é un soberano exemplo de beleza e adecuación ao medio e á función, nacida da actividade ponderada dunha pequena comunidade campesiña e mariñeira", *España dibujada. Asturias y Galicia*, Madrid, 1972.
- ¹⁸ En 1719, por exemplo, o "porto de Combarro" tiña 535 habitantes. Deles 97 eran mariñeiros, segundo consta no "vecindario" do referido ano, depositado no *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHP)*, Leg. 64. Nese vecindario considerábaselle un "oficio" a 169 combarreses e combarresas, do que se desprende que os "mareantes" representaban máis do 55% da poboación activa (na que tampouco entón se contabilizaba o traballo agrícola feminino).
- ¹⁹ De aquí quizais lle veña a denominación a Combarro. Na nosa opinión, o topónimo está relacionado coa raíz com-, significando fondonada, val ou flexión da costa, Rafael VALLEJO POUSADA, *Guía Combarro Conxunto Histórico-Artístico*, Combarro, Asociación A Solaina, 1988.
- ²⁰ Pascuala CAMPOS, *Op. Cit.*, pp. 78-79.
- ²¹ Este desmantelamento continúa na actualidade. Cóstanos que o Concello de Poio e a Delegación Provincial de Cultura de Pontevedra teñen coñecemento deste. Pero unha e outra instancia parecen descoñecer-las súas obrigas ao respecto. Así, fan caso omiso do artigo 23.2 da Lei 13/1985 ou polo menos non a aplican deica ás súas últimas consecuencias o que na práctica vén se-lo mesmo.
- ²² En termos semellantes manifestábase en 1985 a arquitecta Pascuala Campos, quen afirmaba que "o perfil volumétrico (de Combarro) distorsiónase con construcións en altura que varían o sentido descendente cara o mar e cambian a relación entre espazos públicos e privados. Desde a ría enxérganse edificacións fora de contexto que nin sequera unha certa orixinalidade no tratamento dalgúns elementos (como tendedeiros e terrazas) logran darlle carácter nin suavizar", *Op. Cit.*, p. 78.
- ²³ "Chousa" ten, entre outras acepcións, a de "campo pechado que está próximo á casa vivenda", Eladio Rodríguez, *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, t. 1, Vigo, Galaxia, p. 728.
- ²⁴ *Arquivo Histórico Nacional, Clero*, Libro 10.315.
- ²⁵ Alí, no *Ministerio de Cultura*, poden verse as carpetas C/ 77979, C/ 70790, C/ 77050, C/ 86885, C/ 86886 e C/ 79241, onde aparecen os "proxectos de urbanización" e as "obras de restauración" dos tramos executados en granito azul. Hai que exceptuar desas actuacións 76 m² dun tramo na rúa de Chousa.
- ²⁶ Esta actuación foi denunciada pola Asociación A Solaina ante a Delegación Provincial de Cultura o pasado 30 de outubro de 1990 e 2 de xaneiro de 1991. Na actualidade aínda non se solucionou totalmente o problema.
- ²⁷ Tal é a definición de *aldea* que da Xosé HERMO TUÑEZ, "Sobre o desenrolo dos valores culturais das vilas galegas", en *Obradoiro. Actas das I Jornadas de Arquitectura Galega*, 1, novembro de 1978, pp. 26-27.
- ²⁸ Así nolo confirmou, oficialmente, o delegado provincial do INEM en Vigo, o 8 de novembro de 1989. Segundo el, a Escola Obradoiro para a Restauración de Combarro, froito dun Convenio INEM/Concello de Poio, estaba creada, como o seu nome indica, única e exclusivamente para Combarro. Así o confirman tamén os folletos que a mesma escola editou para explica-los seus obxectivos (ver apéndice documental 3 e 4). Pero a instrumentalización política dos recursos asignados para o conxunto histórico de Combarro fixo que estes fosen empregados en boa medida fóra del. Actuacións coma esta, á marxe de consideracións éticas sobre o exercicio do poder local en Poio, contribúen a afondar o sentimento de frustración e inxustiza nos habitantes de Combarro.
- ²⁹ Sendo incerta a creación dunha nova Escola Obradoiro en Poio por tres anos máis, dada a negativa inicial do INEM, o alcalde de Poio confirmounos en entrevista celebrada o 10 de decembro de 1990 na Casa Consistorial que non estaba contemplada dita obra -nin ningunha outra para o conxunto histórico de Combarro- nos presupostos ordinarios do Concello de Poio de 1991. O empedrado de A Rúa e outras intervencións en dito conxunto foron solicitadas ante ese organismo, pola nosa Asociación, o 3 de dito mes (ver apéndice documental 5).
- ³⁰ O arquitecto Antonio FERNÁNDEZ ALBA defende opinións nesta liña, xa que entende que á hora das intervencións no patrimonio histórico cómpre efectuar unha "avaliación documentada do patrimonio a consolidar", á vez que é preciso "indagar e precisar os significados immanentes que subxacen non patrimonio construído daqueles outros produtos do culto arqueolóxico, (e da) veneración polo vello", "Intervenciones puntuales sobre el patrimonio histórico", en *III Jornadas de Estudio sobre la provincia de Madrid. El patrimonio arquitectónico y urbanístico*, Madrid, Diputación Provincial, 1980, p. 39.
- ³¹ "Eficiencia significa facer ben as cousas, e eficacia supón face-las cousas", Ramón TAMAMES, *Diccionario de Economía*, Madrid, Alianza, 1988, p. 107. É obvio que nun conxunto no que practicamente non se destinan recursos calquera obra que se faga é ben recibida polos seus habitantes,

que se conforman con que ao menos se vaia facendo algo. É lóxico entender, neste senso, a actitude das xentes de Combarro. Pero calquera persoa cun mínimo de sensatez comprenderá que o discurso coherente con respecto a un conxunto histórico non é ese. Como afirman os arqueólogos, cada vez que se fai unha escavación imos ler unhas páxinas que logo non se van poder reconstruír. Algo semellante acontece nos conxuntos históricos, onde as restauracións desafortunadas son tan improcedentes, e moitas veces tan irreversibles, coma as agresións a eles.

³² Este plan de actuación, executado entre 1983 e 1985, foi financiado, segundo a información que posuímos, polo MOPU a través da súa Subdirección Xeral de Arquitectura, cando a ocupaba Manuel de las Casas. Cun presuposto relativamente modesto, que roldou os 35 millóns de pesetas, nesa intervención procedeuse a: "1) Restauración de hórreos. 2) Consolidación e arranxo de valos do litoral. 3) Novo tratamento e mellora do Recheo, incluído o Lavadoiro público. 4) Unha praciña en A Rualeira. 5) Rede de sumidoiros desde a Rualeira deica o Peirao (porto vello)", así como os 4 canellóns que permiten o acceso desde a Rúa á praia; Pascuala Campos, *Op. Cit.*, p. 82.

³³ A explicación do plan de intervención de Pascuala CAMPOS aparece no artigo xa citado neste informe: "Prediseño y propuestas formales...", onde se indica que o "obxectivo da proposta foi o de consolida-lo xa existente e dar unha pauta de actuación que reafirme os valores histórico-culturais de Combarro", pp. 83-84.

³⁴ Este camiño do Padrón constitúe un tramo do antigo Camiño Real que discorria pola marxe dereita da ría de Pontevedra.

³⁵ *Op. cit.*, p. 87.

³⁶ A derradeira vez foi o 3 de decembro de 1990 nun escrito presentado pola Asociación A Solaina (apéndice documental 5, xa referido). Na entrevista que mantivemos o 10 do mesmo mes co alcalde de Poio, este manifestounos que non estaba contemplada esta obra tampouco para 1991.

³⁷ Nesa mesma data mantivemos unha entrevista en San Caetano co director xeral de Patrimonio Histórico e co conselleiro de Cultura. Este non se comprometeu a nada e manifestounos, e citamos literalmente, que "nos próximos anos habería que contentarse con lavarlle a cara a Combarro", e que el non tiña que asumir ningunha das desfeitas que se observaban en Combarro nin adoptar ningunha decisión para solucionarlas, que el non era un "presidente da Deputación" que puidese "firmar un cheque" co que saísemos na man. E que se queríamos, que fosemos "á prensa", que xa estaba acostumado a que o maltratasen nela. Por suposto, non acudimos aos medios de comunicación, xa que entendíamos —e entendemos— que o problema de Combarro ten un carácter estrutural que non se debe abordar con posturas coma a do citado conselleiro, en cuxo estado de ánimo debeu influír sen dúbida a cor do grupo gobernante no Concello de Poio (o PP), que se sumase positivamente á iniciativa da Asociación A Solaina. No noso escrito, e nesa reunión, á que acudiran ademais o tenente alcalde de Poio e a concelleira de Cultura, demandabamos actuacións da Consellería "na esfera dos espazos públicos de Combarro" e nos "ámbitos privados". Nas primeiras incluíamos o

"tratamento (ou axardinamento) da denominada 'explanada de Chousa'", así como a mellora da "rede de sumidoiros e de recollida de augas pluviais", sobre a que "instamos á Consellería de Cultura —ou ben a través desta á Consellería de Ordenación do Territorio", así como tamén o faciamos co Concello de Poio, "para que inicien en breve proxectos e obras". Nin unha cousa nin a outra se acometeron. Nas segundas, pediamos que se financiase "ao 100% a substitución da carpintería de aluminio hoxe existente na arquitectura de Combarro", así como establecer "unha subvención ou uns mecanismos claros de subvención, en porcentaxe e contía a estimar, para aquelas obras de carpintería" que puidesen levarse a cabo en 1989. Ningunha das dúas propostas foi tida en conta. As carpinterías de aluminio seguen no seu sitio e as subvencións son inexistentes.

³⁸ Pascuala CAMPOS, *Op. cit.*, pp. 91-92.

³⁹ *Op. cit.*, p. 92.

⁴⁰ Este extremo aínda foi posto de manifesto o pasado 12 de decembro de 1990 por un centenar de veciños nunha reunión celebrada no Salón Parroquial de Combarro. Por este motivo, a Asociación A Solaina solicitou o 3 dese mes a construción dos referidos emisarios (apéndice documental 5, xa citado).

⁴¹ Nese mesmo escrito, de 11 de agosto de 1990, pediamos unhas "medidas de choque", consistentes na "limpeza integral" do conxunto histórico e a creación dunha "pequena brigada de homes ou mulleres" que efectuase unha limpeza "semanalmente", tamén solicitabamos "medidas a medio prazo", entre as que figuraban o "inicio dunha campaña de educación cidadá", a "recollida selectiva de lixo", retirada das poucas "papeleiras" do conxunto, inadaptadas a el, e construción dunhas "metálicas (de forxa), ornamentais e adaptadas" a el. Nin sequera se nos respondeu.

⁴² Non hai que esquecer que a Lei ten como principais novidades a "extensión do concepto de patrimonio histórico, distintos niveis de protección segundo as clases de bens e (a) acción de estímulo como compoñente esencial da actuación dos poderes públicos", Piedad GARCÍA-ESCUADERO e Benigno PENDAS GARCÍA, *El Nuevo Régimen Jurídico del Patrimonio Histórico Español. I. El Derecho del Patrimonio Histórico. Teoría General*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1986, p. 87.

⁴³ O Concello de Poio, poñendo outro exemplo, nin sequera informa de liñas de subvención oficial existentes. En 1990, a Asociación A Solaina, ante ese vacío, informou aos veciños das axudas que o Instituto Galego do Solo ofrecía para rehabilitación do patrimonio en conxuntos históricos, asumindo polo tanto unha función que ben podería exercer aquela institución.

⁴⁴ E. e J. L. GARCÍA FERNÁNDEZ, *España dibujada*, Madrid, 1975. O subliñado é noso.

⁴⁵ A documentación do conxunto histórico de Combarro enviada desde Madrid, por exemplo, parece ser que permaneceu embalada, polo menos deica 1986, tal e como chegara.

⁴⁶ A arquitecta Pascuala Campos é a directora do referido do Plan Especial.